


II

Todos deberíamos ser feministas

TEXTO



Chimamanda Ngozi Adichie é unha escritora nixeriana que vive entre Estados Unidos e o seu país natal. Escribiu varias novelas que a converteron nunha das voces máis emblemáticas do actual panorama literario africano. *Todos deberíamos ser feministas* é a aclamada charla TED que deu no 2013 que se converteu nun «ensaio conmovedor que debería chegar a todos os estudantes e profesores» (Review), por iso en Suecia converteuse nun libro que se lle regala a todos os estudantes de 16 anos. A quen a autora se dirixiu con estas verbas:

Son feminista porque quero vivir nun mundo máis xusto. Son feminista porque quero vivir nun mundo no que ninguén diga a unha muller que pode ou que non pode facer, o que debería ou o que non debería facer, porque é unha muller. Quero vivir nun mundo no que os homes e as mulleres sexan máis felices, onde os roles de xénero non lles opriman. Quero vivir nun mundo no que os homes e as mulleres sexan de verdade igual. Por iso é polo que son feminista. Non creo que non soubese que significaba a palabra “feminista” cando tiña dezaseis anos. Non creo que coñecese a palabra. Pero era feminista. E agardo que os rapaces e as rapazas de dezaseis anos decidan tamén que son feminista. Sobre todo, agardo que moi pronto chegue o día no que non precisemos ser feministas, porque viviremos nun mundo que sexa realmente xusto e igual.

CUESTIÓNS

Visualiza a conferencia de Chimamanda Ngozi Adichie, dipoñible neste enlace (<https://bit.ly/2wdvuwD>) e no *Classroom*. Despois responde as seguintes cuestións:

1. Determina o tema da conferencia e recoñece a intención comunicativa do falante.
2. Resume ou esquematiza as ideas principais e secundarias do discurso.
3. Escribe un comentario crítico sobre o tema do discurso no que manifestes o teu acordo ou desacordo coas ideas traballadas. O texto debe ser propio, argumentado, ben organizado e redactado con corrección, coherencia, cohesión e adecuación. (Extensión aproximada 450 palabras)

MATERIAIS DE APOIO

Libro de texto:

- O comentario crítico (páx. 56)
- O texto argumentativo (páx. 162)

Data límite de entrega: 23 de Marzo de 2020